



INFORME DE INTERVENCIÓN

Asunto: Orzamento para o exercicio 2016

A normativa en virtude da cal se emite informe do expediente de aprobación de orzamento para o exercicio 2016, é a que sigue:

- Artigo 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais
- Artigo 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril
- Artigo 4.1.g) do Real Decreto 1174/1987, do 18 de setembro, de réxime xurídico dos funcionarios da Administración local de habilitación de carácter nacional

A normativa aplicable á elaboración e tramitación do expediente orzamentario e seguida por esta Intervención para a emisión do presente informe é a seguinte:

- Lei 48/2015, de 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para 2016 (LOXE)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais (TRLFL)
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF)
- Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (EBEP)
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril (RP)
- Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, de réxime das retribucións dos funcionarios da Administración local
- Real Decreto 2568/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo
- Orde HAP/1783/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local

ANTECEDENTES:

Remítese a esta Intervención o proxecto do orzamento para 2016, composto da seguinte documentación:

- Estado de ingresos e gastos
- Memoria da Alcaldía.
- Anexo de persoal
- Anexo de investimentos
- Anexo da débeda
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da entidade local



- Anexo con información relativa aos convenios subscritos coa Comunidade Autónoma galega en materia de gasto social
- Informe económico-financieiro
- Bases de execución.
- Liquidación do orzamento do exercicio 2014
- Avance da execución do orzamento do exercicio 2015
- Cadro de persoal.

Á vista destes antecedentes, esta Intervención emite o seguinte INFORME:

I. ASPECTOS DE LEGALIDADE

PRIMEIRO: Contido do expediente orzamentario

A regulación do contido do expediente orzamentario está prevista nos seguintes preceptos:

- Artigo 165 do TRLFL, que fai referencia aos estados de gastos e ingresos, así como ás bases de execución
- Artigo 166 do TRLFL, que enumera os anexos do orzamento, que no caso do Concello de Porto do Son, supón o anexo da débeda
- Artigo 168 do TRLFL, que fai referencia á seguinte documentación: Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presente en relación co vixente; liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance da do corrente referida, polo menos, a seis meses do exercicio corrente; anexo de persoal; anexo de investimentos; anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da entidade local; anexo con información relativa aos convenios subscritos coa Comunidade Autónoma en materia de gasto social, con especificación da contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deben recoñecer no exercicio a que se refire o orzamento xeral e das obrigas pendentes de pago e dereitos económicos pendentes de cobro, recoñecidos en exercicios anteriores, así como da aplicación ou partida orzamentaria na que se recollen, e a referencia a que ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento a que se refire o artigo 57 bis da LBRL; e informe económico-financieiro no que se expoñan as bases utilizadas para a avaliación dos ingresos e das operacións de crédito previstas, a suficiencia dos créditos para atender o cumprimento das obrigas esixibles e os gastos de funcionamento dos servizos e, en consecuencia, a efectiva nivelación do orzamento.

De acordo coa enumeración dos antecedentes expostos anteriormente, conséntase o cumprimento do contido mínimo do expediente orzamentario:

- Si.
 Non.

SEGUNDO: Tramitación

A tramitación que debe seguir o expediente orzamentario, unha vez completada a súa elaboración e previo informe desta Intervención, está prevista nos artigos 168 e 169 do TRLFL e que pode resumirse así:

- Aprobación inicial polo Pleno
- Exposición pública, tras o seu anuncio no BOP, durante un período de 15 días hábiles. Durante a exposición pública, os interesados poderán examinar o expediente orzamentario e presentar reclamacións ante o Pleno.



- Resolución de reclamacións, no seu caso, polo Pleno no prazo máximo dun mes desde a finalización do período de exposición pública.
- Aprobación definitiva do orzamento polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións, o orzamento entenderase definitivamente aprobado tralo período de exposición pública.

En cumprimento do artigo 103.bis da LBRL, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, a Corporación Local deberá aprobar anualmente a masa salarial do persoal laboral respectando os límites e as condicións que se establezan con carácter básico na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016. A masa salarial aprobada será publicada na sede electrónica da Corporación e no BOP no prazo de 20 días.

De acordo co artigo 19. Catro da LOXE para o ano 2016, a masa salarial do persoal laboral incrementarase na porcentaxe máxima dun 1 por cento, e está integrada polo conxunto de retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social devengados por dito persoal en 2015, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación.

Exceptúanse, en todo caso:

- As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despidos.
- As indemnizacións ou suplidos por gastos que tivese realizado o traballador.

Para o cómputo da masa salarial tómase como data de referencia a de 31 de decembro do exercicio anterior.

Deste xeito, efectúase o cálculo da masa salarial vindicada polo persoal laboral en 2015, tendo en conta os gastos xa vindicados (ata novembro de 2015) e os pendentes de vindicar (decembro de 2015):

PERSONAL LABORAL FIXO

| Pro. | Eco. | Obligacións Reconocidas | de Gastos Comprometidos |
|------|-------|-------------------------|-------------------------|
| 231 | 13000 | 24778,91 | 3966,5 |
| | TOTAL | 24.778,91 | 3.966,50 |

PERSONAL LABORAL TEMPORAL

| Pro. | Eco. | Obligacións Reconocidas | de Gastos Comprometidos |
|------|-------|-------------------------|-------------------------|
| 135 | 13100 | 0 | 0 |
| 136 | 13100 | 37446,78 | 0 |
| 151 | 13100 | 13540,42 | 0 |
| 161 | 13100 | 46249,58 | 3412,1 |
| 163 | 13100 | 11628,96 | 1938,16 |
| 171 | 13100 | 15859,56 | 2579,26 |
| 231 | 13100 | 140085,7 | 26687,71 |
| 241 | 13100 | 45522,24 | 7587,04 |
| 312 | 13100 | 22032,27 | 3253,74 |
| 323 | 13100 | 31317,31 | 4713,52 |
| 330 | 13100 | 21336,72 | 3556,2 |
| 333 | 13100 | 18337,56 | 3056,26 |
| 334 | 13100 | 7900,32 | 1316,72 |
| 336 | 13100 | 12628,44 | 2104,74 |



CONCELLO DE PORTO DO SON

INTERVENCIÓN

Rúa Atalaia, 7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

| | | | |
|------|--------------|-------------------|------------------|
| 337 | 13100 | 45919,42 | 3453,02 |
| 340 | 13100 | 49873 | 8350 |
| 432 | 13100 | 9714,86 | 0 |
| 450 | 13100 | 14181,2 | 2374,2 |
| 920 | 13100 | 61696,74 | 7484,96 |
| 931 | 13100 | 13759,68 | 2293,28 |
| 1721 | 13100 | 30084,26 | 0 |
| | TOTAL | 649.115,02 | 84.160,91 |

HORAS EXTRAS

| Pro. | Eco. | Obligaciones Reconocidas | de Gastos Comprometidos |
|------|--------------|--------------------------|-------------------------|
| 151 | 13101 | 677,6 | 0 |
| 161 | 13101 | 886,96 | 0 |
| 330 | 13101 | 0 | 0 |
| 337 | 13101 | 0 | 0 |
| 450 | 13101 | 0 | 0 |
| 920 | 13101 | 0 | 0 |
| 931 | 13101 | 0 | 0 |
| | TOTAL | 1.564,56 | 0,00 |

| Pro. | Eco. | Obligaciones Reconocidas | de Gastos Comprometidos |
|------|-------|--------------------------|-------------------------|
| 221 | 16304 | 1312,2 | 0 |
| | | 1.312,20 | 0,00 |

TOTAL SUMA OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS + SALDO DE GASTOS COMPROMETIDOS = 764.898,10 €.

A masa salarial do persoal laboral do orzamento de 2016 ascende a 738.809,46 €, polo que respecta os límites ao incremento da masa salarial previstos na LOXE.

En canto á aprobación do cadro de persoal, a regulación é a que se indica no 126 e seguintes TRRL:

- Aprobación do cadro de persoal xunto coa aprobación do orzamento.
- Publicación do cadro de persoal no BOP, xunto co resume do orzamento.
- Remisión ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma.

Ademais dos requisitos anteriores, o artigo 10 do Convenio colectivo do persoal laboral e do Acordo regulador do persoal funcionario establecen como requisito previo para a aprobación do cadro de persoal a previa consulta cos representantes dos traballadores.

- Consta a dación de conta do anexo e do cadro de persoal á Mesa de Negociación.

TERCEIRO: Competencia e quórum

De acordo co artigo 22.2.e) LBRL, a competencia para a aprobación do orzamento reside no Pleno. Requírese maioría simple para a súa aprobación.

CUARTO: Fiscalización doutros aspectos legais

A. Estabilidade orzamentaria



De acordo co apartado 2 do artigo 16 do RD 1463/2007, do 2 de novembro, relativo á avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, procede a emisión dun informe independente:

"(...) a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local (...).

O informe emitirase con carácter independente e achegarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á liquidación"

En vista do exposto, este aspecto analizarase en informe separado.

B. Gastos de persoal

B.1. Actualización das retribucións dos gastos de persoal

> Regulación xeral.

A actualización das retribucións dos empregados públicos está regulada nos artigos 19 e 23 da LOXE para o ano 2016:

Tódalas retribucións correspondentes ás prazas que figuran no anexo de persoal foron obxecto de incremento salarial do 1 % que prevé a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016: respecto do persoal funcionario, consignouse o soldo e os trienios previstos na LOXE para cada grupo/subgrupo Lei 7/2007; o complemento de destino previsto na LOXE para cada nivel; e o complemento específico incrementouse un 1 % respecto do existente a 31/12/2015. Para o persoal laboral, tanto fixo como temporal, produciuse un incremento dun 1 % en tódolos conceptos retributivos, tal e como regula a LOXE.

Excepcionalmente, e de xeito singular, pois así o permite o apartado Sete do artigo 19 da LOXE, incrementáronse as retribucións de determinados postos de traballo máis alá do 1 % permitido pola LOXE, a saber:

- Tódolos postos de auxiliar administrativo de persoal funcionario pasaron dun nivel de 14 a 18.
- O incremento de retribucións que para os auxiliares administrativos funcionarios supón esa subida de nivel trasladouse tamén aos postos de auxiliar administrativo de persoal laboral temporal que figuran no cadro de persoal.
- Minórase o nivel do posto de traballo denominado técnico xestión de administración xeral, que pasa dun 24 a 22, e minórase o complemento específico, adecuándoo ao contido do posto de traballo, tal e como se xustifica na memoria da alcaldía.
- Consígnanse as retribucións equivalentes a unha xornada de traballo do 100 % para a praza de animadora cultural, cando ata agora estaba a un 80 %.

A contía destinada a retribuír a produtividade incrementase máis dun 1 % respecto á consignada a 31/12/2015, aspecto que debe ser informado desfavorablemente, se ben en parte recolle o crédito ao que imputar as retribucións vindicadas pola funcionaria que exerce a tesouraría accidentalmente, así como as retribucións que vindicará no exercicio 2016 pola ocupación accidental do citado posto, tal e como recolle o acordo regulador do persoal funcionario (percibirase unha produtividade por ocupar postos de categoría superior e a contía a percibir será a diferenza das retribucións complementarias (complemento de destino e complemento específico).

B.2. Cadro de persoal

> Límites para o incremento do cadro de persoal.



O artigo 20.Un LOXE indica que unicamente se poderá proceder á incorporación de novo persoal con suxeición aos límites e requisitos establecidos nos apartados seguintes, que, respectando en todo caso as disponibilidades orzamentarias do Capítulo I do orzamento de gastos a taxa de reposición de efectivos fixarase ata un máximo do 100 por cento nos sectores e administracións que se indica no punto 2; e nos sectores e administracións non recollidos no punto 2, a taxa de reposición de efectivos fixarase ata un máximo do 50 por cento (artigo 20.Un.3). Asemade, o artigo 20.Dous LOXE establece que non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais. Estes requisitos deberán acreditarse nos expedientes de selección correspondentes.

A praza de oficial de Policía Local ten carácter obrigatorio, de acordo co artigo 30 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, e foi creada no exercicio 2014, dotándose no orzamento dese ano. En canto á súa cobertura prantéxase un conflito entre esta normativa e a LOXE. Así, para o caso da Policía Local permítese a incorporación de novo persoal, cunha taxa de reposición de ata o 100% (artigo 20.Un LOXE), sempre que se cumpran ou non se superen os límites de endebedamento do TRLFL ou LOXE e os obxectivos de estabilidade orzamentaria no 2015 e no orzamento de 2016. Posteriormente, o artigo 20.Un.4 LOXE regula o cálculo da taxa de reposición de efectivos:

"Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe máxima a que se refire o apartado anterior aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario de 2015, deixaron de prestar servizos en cada un dos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, previstos no apartado anterior e o número de empregados fixos que se incorporasen no dito exercicio, por calquera causa, agás os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresado desde situacións que non supoñan a reserva de postos de traballo. A estes efectos, computaranse os ceses na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva do posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que cesa.

Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos aquelas prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna".

Dado que a situación da praza de oficial de policía local, creada no exercicio 2014, é a de vacante, subscribese o sinalado pola interventora municipal no informe ao proxecto de orzamento do exercicio 2014: "A pesar de que a taxa de reposición permitida é do 100%, dado que o importe sobre o que se debe aplicar é cero (non houbo ningunha baixa nin incorporacións na Policía Local no ano anterior), non estaría permitida a incorporación de novo persoal con carácter permanente. Esta circunstancia entra en colisión coa obriga da existencia dun oficial de Policía, polo que, polo menos a incorporación con carácter interino si sería posible e incluso habería argumentos para a súa cobertura mediante unha oferta de emprego pública."

En relación ao persoal laboral temporal, subscribese novamente o sinalado no último informe ao proxecto de orzamentos, que foi o emitido con ocasión da aprobación do Orzamento de 2014, dado que a situación fáctica é a mesma: "esta Intervención considera que a súa contratación, debido aos supostos nos que se permite a mesma, non é precisa a súa inclusión nin no cadro de persoal nin na oferta de emprego público. Non obstante, no cadro de persoal do concello inclúense prazas de persoal laboral temporal, concretamente, aquelas que teñen un carácter permanente na estrutura organizativa. Ponse de manifesto unha irregularidade da estrutura de recursos humanos do concello, debendo levarse a cabo a creación das prazas de funcionario ou persoal laboral fixo, segundo corresponda, e os correspondentes procedementos de selección para a súa cobertura, xa que a normativa laboral só permite a contratación



temporal para postos de traballo que teñan tal natureza, dentro das diferentes modalidades previstas na normativa, de modo que aqueles postos que non teñan natureza temporal deberán constar na Administración, como de funcionarios ou laborais fixos. Indícase, así mesmo, que ante a prohibición xeral de aprobar novas ofertas de emprego público, esta regularización non pode levarse a cabo actualmente, a excepción das salvidades da propia norma, pero que deberá retomarse no momento no que sexa posible."

Cómpre engadir, ademáis, por ser regulación posterior a aquel informe, a contida na Lei de Emprego Público de Galicia, cuxo artigo 26.2 sinala que "En ningún caso poderán ser desempeñados por persoal laboral os postos de traballo que estean reservados a persoal funcionario en virtude do previsto na alínea segunda do artigo 22 desta lei.

O artigo 22.2 establece que as relacións de postos de traballo reservarán necesariamente ao persoal funcionario:

a) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen o exercicio de autoridade, fe pública ou asesoramento legal. En particular, enténdese que implican exercicio de autoridade as funcións de policía administrativa, salvo as excepcións que se poidan establecer por norma con rango de lei.

b) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control. En particular, quedan reservados ao persoal funcionario aqueles postos con funcións que impliquen a realización de tarefas de fiscalización interna e control da xestión económico-financeira e orzamentaria.

c) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesouraría.

d) Os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas en materia de exacción de tributos.

e) Os postos que teñan atribuídas competencias para ditar actos de incoación, instrución ou resolución dos procedementos administrativos.

f) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición, anotación e cancelación de datos nos rexistros administrativos.

3. Os demais postos de traballo nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei serán desempeñados con carácter xeral por persoal funcionario, sen prexuízo do disposto pola alínea terceira do artigo 26.

Tamén se informa, en relación ao posto de tesouraría, no que respecta a Entidades Locais con posto de secretaría clasificada en clase 2ª, como é o Concello de Porto do Son, dende a aprobación da Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local o exercicio das funcións reservadas (e a tesouraría e recadación son funcións reservadas) corresponde, en exclusiva, a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, sen prexuízo do disposto na Disposición Transitoria Séptima da mencionada Lei, que indica:

«Disposición transitoria séptima. Régimen transitorio de los funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal. 1. En tanto no entre en vigor el Reglamento previsto en el artículo 92 bis de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases de Régimen Local, y en todo aquello que no se oponga a lo dispuesto en esta Ley, mantiene su vigencia la normativa reglamentaria referida a los funcionarios incluidos en el ámbito de aplicación del citado artículo. Hasta el 31 de diciembre de 2016, salvo prórroga por la correspondiente Ley de Presupuestos Generales del Estado, excepcionalmente, cuando en las Corporaciones Locales cuya población



sea inferior a 20.000 habitantes quede acreditado mediante informe al Pleno, la imposibilidad de que las funciones de tesorería y recaudación sean desempeñadas por un funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, ya sea con carácter definitivo, provisional, acumulación o agrupación, dichas funciones podrán ser ejercidas por funcionarios de carrera de la Diputación Provincial o entidades equivalentes, de acuerdo con lo previsto en el artículo 36 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, o cuando quede acreditado que esto no resulta posible, por funcionarios de carrera que presten servicios en la Corporación Local. En ambos casos, deberán ser funcionarios de carrera y actuarán bajo la coordinación de funcionarios del grupo A1 de las Diputaciones Provinciales o entidades equivalentes. 2. Los procedimientos administrativos referidos a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter estatal iniciados con anterioridad a la entrada en vigor de esta Ley continuarán su tramitación y se resolverán de acuerdo con la normativa vigente en el momento de su iniciación. 3. Las referencias a la Escala de funcionarios con habilitación de carácter estatal, se entenderán hechas a la Escala de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.»

A nova regulación respecto do posto de tesouraría non está a cumprirse, o que se informa aos efectos oportunos.

B.3 Outros límites retributivos: artigo 7 do Real Decreto 861/1986

Por último con respecto aos gastos de persoal, hai que ter en conta as limitacións a determinados complementos –complemento específico, gratificacións e produtividade- do artigo 7 do RD 861/1986. O cumprimento de tales límites analízase nas seguintes táboas:

| | |
|-------------------------|--------------|
| RETRIBUCIÓN BÁSICAS | 294.894,34 € |
| CD | 122.655,06 € |
| CE | 172.086,98 € |
| PRODUTIVIDADE | 25.077,29 € |
| GRATIFICACIÓNS | 4.200,00 € |
| MASA RETRIBUTIVA GLOBAL | 618.913,68 € |

| | |
|-------------------------|--------------|
| BASE APLICACIÓN LÍMITES | 201.364,27 € |
|-------------------------|--------------|

| CONCEPTO RETRIBUTIVO | LÍMITE | IMPORTE ORZAMENTO | CUMPRE |
|------------------------|------------|-------------------|--------|
| COMPLEMENTO ESPECÍFICO | 151.023,21 | 172.086,98 | NON |
| PRODUTIVIDADE | 60.409,28 | 25.077,29 | SI |
| GRATIFICACIÓNS | 20.136,43 | 4.200,00 | SI |

Non se cumpre a limitación ao complemento específico. A este respecto hai que resaltar que a normativa non establece consecuencias ante este incumprimento, pero pónse de manifesto esta circunstancia.

C. Regra da afectación

De acordo ca normativa das facendas locais, os ingresos de capital son ingresos afectados a gastos de capital: é a chamada "Regra de afectación".

A comprobación do cumprimento farémola, en termos globais, comprobando que os gastos de capital (capítulos 6 a 9 do estado de gastos) son superiores ca os ingresos de tal



CONCELLO DE PORTO DO SON

I N T E R V E N C I Ó N

Rúa Atalaia, 7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

natureza (capítulos 6 a 9 do estado de ingresos), xa que do contrario, estes estarían financiando gastos correntes:

| GASTOS DE CAPITAL | INGRESOS DE CAPITAL |
|-------------------|---------------------|
| 1.624.783,83 € | 949.872,54 € |

Cúmrese a regra da afectación:

Sí. Á vista dos datos presentados, en canto ao principio de afectación de ingresos, da análise do orzamento resulta que os ingresos previstos de capital financian exclusivamente gastos de tal natureza, xa que os ingresos de capital non exceden dos gastos de capital. Esta conclusión pode extraerse tamén do anexo de investimentos.

Non.

D. Bases de execución

As bases de execución infórmanse favorablemente.

II. ASPECTOS DE CARÁCTER ECONÓMICO

QUINTO: Suficiencia dos créditos iniciais

Dentro deste apartado teranse en conta os seguintes aspectos:

➤ Gastos de exercicios anteriores

Inclúese a consignación precisa para as facturas que deban aprobarse por recoñecemento extraxudicial, das que se ten coñecemento e non están rexeitadas.

Resáltase a necesidade de axilizar a tramitación das facturas, tendo en conta que o prazo para o seu pagamento é de 30 días, de acordo coa normativa de morosidade. Axilizar a tramitación equivale a axustar a execución do gasto ás disponibilidades orzamentarias co fin de evitar contratacións verbais que non teñan cobertura no estado de gastos. No aspecto administrativo é preciso facer un esforzo na tramitación completa da factura desde o seu rexistro ata o seu pagamento pasando pola comprobación e conformidade co fin de cumprir os prazos de pago.

➤ Resto de previsións de gastos

Indícase que as previsións de gastos son coherentes coa execución orzamentaria do exercicio anterior e do avance do actual, nun contexto de consolidación orzamentaria. Dos datos coñecidos por esta Intervención sobre compromisos de gasto, as previsións son suficientes para a súa execución.

Neste apartado é onde debe poñerse de manifesto que no estado de gastos do Orzamento unicamente consígnase parte da débeda exixible do Concello derivada da sentenza de data 06/05/2015, nº 315/2015 do T.S.X, ditada no recurso de apelación 7083/2014, sendo recorrente Coiramar, S.L. e demandado o Concello de Porto do Son, cuxo fallo consistiu en estimar en parte o recurso de apelación presentado por Coiramar S.L. contra a sentenza ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de A Coruña no PO 457/2011, sobre reclamación de responsabilidade patrimonial como consecuencia de actuación municipal no desenvolvemento de UA-2 planeamento municipal, e declárase non conforme a dereito a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial exercitada por Coiramar S.L. contra o Concello de Porto do Son, polo que se anula e estimase en parte a demanda presentada contra o Concello de Porto do Son, e condénase a este a indemnizar á empresa Coiramar S.L., como consecuencia do exercicio da reclamación patrimonial, á suma total de 307.087 euros, máis os



xuros legais desa suma dende que se fixo a reclamación administrativa da mesma, o día 8 de xuño de 2011, ata a data do seu pagamento, que a día de hoxe ascenden a 53.740,23 €.

Segundo sinala o artigo 173.1 do TRLRFL, as obrigas de pago só serán exixibles da facenda local cando resulten, ademáis da execución dos seus respectivos orzamentos, de sentenza xudicial firme.

A sentenza mencionada 315/2015 do T.S.X. Galicia é firme, polo que a obriga de pago que nela se recolle é exixible da facenda local. No Orzamento correspondente ao exercicio 2016 recóllese crédito por importe de 61.651,74 €, contía a que ascende o importe que debería pagar o Concello de Porto do Son en virtude dun borrador de proposta de pagamento, a presentar ao abeiro do establecido no artigo 106.4 da LXCA, se ben trátase únicamente dun borrador, e nen sequera consta no expediente que esa proposta de pagamento vaia ser aceptada pola parte interesada. Indícase que o artigo 170.2b) prevé como motivo de reclamación contra o orzamento "omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas exixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo (sentenza xudicial firme)".

Pola omisión do crédito necesario para atender ao cumprimento de obrigas exixibles, como é a sentenza sinalada, emítese informe desfavorable á aprobación inicial do Orzamento do exercicio 2016, salvo que con carácter previo á súa aprobación exista aprobada a proposta de pagamento ao abeiro do establecido no artigo 106.4 da LXCA.

SEXTO: Avaliación das previsións de ingresos

Para a análise do estado de ingresos, hai que indicar para os ingresos dos capítulos 1 a 3 e 5, que a súa previsión é coherente ca evolución orzamentaria dos últimos exercicios, especialmente do 2014, que é o último dos exercicios liquidados, e tamén co avance da liquidación do 2015. Remítome aos criterios utilizados para a consignación das previsións, expostos no informe económico financeiro.

SÉTIMO: Outras consideracións de carácter económico

Por parte desta Intervención considérase preciso facer fincapé nos seguintes aspectos de carácter económico:

- A necesidade de continuar os procedementos encamiñados a incrementar a recadación dos dereitos pendentes de cobro.
- A necesidade de axilizar e acurtar prazos nas tramitacións das facturas co fin de conseguir un prazo de pagamento dos 30 días no 2016 de acordo coa normativa de morosidade.
- Impoñer un sistema de control de gasto e axuste das contratacións ás disponibilidades orzamentarias, reforzando a utilización do sistema de proposta de gasto que garante a comprobación da existencia de crédito pola Intervención Municipal.

Este é o meu informe e as recomendacións que considero necesarias e convenientes para unha mellora da situación financeira e orzamentaria desta Administración, sen prexuízo doutra opinión superior tanto en dereito, como no aspecto económico-financeiro.

Porto do Son, 18 de decembro de 2015

A interventora

Asdo.: Manuela Barcia Vázquez

Visto. Achéguese ao expediente
O alcalde
Asdo.: José Luis Oujó Pouso